


XI PREMIO

MANUEL BEIRAS

 activa o galego

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO  
Concellaría de  
Normalización Lingüística

 Cámara  
Santiago de Compostela

2010



## XI PREMIO

# MANUEL BEIRAS

2010

### Quen convoca o premio?

O Concello de Santiago de Compostela e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación. Estas dúas entidades asinaron un convenio de colaboración no ano 2000 para manter este premio que vai xa pola súa undécima edición.

### Cal é o seu obxectivo?

Recoñecer o esforzo que realizan as empresas de Compostela no proceso de facer normal o uso da lingua galega.

### Por que se premia especialmente as empresas?

Porque é un sector económico de capital importancia para conseguir a normalización do noso idioma na vida cotiá da cidade.

### En que consiste o premio?

O premio ten un contido simbólico e non supón ningunha prestación económica. O seu elemento simbólico concrétese nunha escultura creada especialmente por Acisclo Manzano que se lles entregará ás empresas galardoadas nun acto protocolario que vai ter lugar no mes de decembro e ao que se convidan representantes das institucións, do empresariado e de diversas entidades presentes en Santiago.

### Que beneficios pode supoñer para unha empresa contar con este premio?

As empresas e comercios premiados poden amosar a través da súa publicidade ou nos propios establecementos a posesión deste galardón, como unha garantía máis de que respectan o idioma maioritario na nosa comunidade. Non esquezamos que, segundo os estudos do Consello da Cultura Galega, máis do 75% da poboación prefire ser atendida en galego.

### Quen pode optar ao premio?

Calquera empresa ou comercio que estea radicado no noso municipio.

### Que hai que facer para que unha empresa sexa candidata ao Manuel Beiras?

Só é necesario presentar unha proposta, cubrindo un formulario que se pode descargar dos sitios web do Concello ([www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)) ou da Cámara de Comercio ([www.camaracompostela.com](http://www.camaracompostela.com)), ou ben recollelo na Oficina de Atención á Cidadanía do Concello ou na Cámara de Comercio e entregándoo de novo en calquera destas dúas entidades, antes do 30 de novembro. É interesante presentar tamén documentación que apoie a candidatura e que demostre o emprego do galego nas actividades da empresa ou comercio.

### Todas as empresas compiten na mesma categoría?

O Premio Manuel Beiras ten en conta as diferenzas que poden existir entre os distintos tipos de empresas e, deste xeito distingue dúas categorías: empresas que teñen usado de xeito continuado a lingua galega e empresas que se incorporasen recentemente ao uso do galego.

### Onde podo obter máis información?

Pode consultar as bases completas que se achegan. Ademais pode acudir ao Departamento de Lingua Galega do Concello (981 542 409) ou á Cámara de Comercio (981 596 800).

### Para máis información:

Concellaría de Normalización Lingüística  
981 542 409  
[dlg@santiagodecompostela.org](mailto:dlg@santiagodecompostela.org)

Cámara de Comercio  
981 596 800

